


Núm. 92

Tomo 8.

nós

CARTILLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 »

Número solto 0'70 »

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n'eles emitidas, e non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

JMontafiesal, POR XOSÉ MANUEL CABADA VÁZQUEZ
Sobre as cántigas de Martín Codax, POR XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.
Afirmación patriótica, POR XERARDO ALVAREZ GALLEGOS.
Leabhar Gabhála, Libro das Conquistas d'Irlanda (proseguimento).
Da Alemaña, POR VICENTE RISCO (proseguimento)

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII ★ Ourense 15 de Agosto do 1931 ★ Núm. 92

¡ M O N T A Ñ E S A !

pra ir morrer na tua veira
amarridas de saudade,
ceibo eu as coitas miñas,
irtas arelas, ô aire:
ten de elas dor, montañesa,
a das olladas soaves.

—
hei de mandarche, senlleiro,
irmán na dor e nos males,
nun alongado sospiro
o meu curazón sangrante:
xa coidarás, montañesa,
amor e agarimo darrle.

—
liefas da miña terra,
ô teu ouvido soaves,
ledos che han levar nas azas,
mainos, mainiñol-os aires;
e a dona has ser do poeta,
do seu curazón a amante,
o agarimo dos seus fillos,
ja santa Paz de un fogáre!

xosé ml. cabada vázquez

pazo de raxoi de santiago, 13-7-1931



SOBRE AS CANTIGAS DE MARTÍN CODAX

POR XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.

J. J. Nunes fai no derradeiro volm. (XXIX) da «Revista Lusitana» un novo estudo das «Cántigas de Martín Codax, presumido xograr do século XIII».

O tema, capitalísimo na hestoria da nosa lírica, e o prestixio do autor, considerado como o máis xenuino continuador portugués da obra de C. Michaelis, prestan un dobre interés a estas páxinas que venen a fixar casi definitivamente, o texto crítico das más famosas «cántigas d'amigo».

O traballo escomenza c'unha breve nota bibliográfica sobre as publicacións de Vindel, C. Michaelis e Oviedo Arce en col das que foron malamente chamadas «Canciones de la enamorada». Lástima grande que o reducido da introducción e o afán de síntesis do A. impedira insertar eiquí unha pequena crítica das tres obras anotadas.

O máis sainte da introducción, e o que merecería un comentario mais detido pola nosa parte, refírese á estructura das cántigas a estudiar. Un breve análisis métrico e unha alusión á parte musical, comentada no seu dia por Tafall, levan a unha longa e preciosa referencia ás cántigas paralelisticas, xenero que está despertando o meirande interés entre todolos estudiosos dos nosos cancioeiros, e que merecerían un detido traballo comparativo sobre material folk-lórico.

Nunes expon a coñecida tese do orixe popular de estas cántigas, e as ouxeccións que lles percuran unha pretendida fonte literaria, quizais eclesiástica. A sua fina coñecencia de este xénero, tan abondoso

entre as «cántigas d'amigo», permitelle exercer sobre unha cántiga popular recollida por Leite de Vasconcellos en Bragança o experimento de adaptala estrictamente ó «leixa-pren» trovadoresco. I-e curioso anotar eiquí con canta mais facilidade poidera ser levada esta investigación no noso acervo popular onde tantas e tan garridas mostras de paralelismo topamos a cada intre.

É este un dos puntos máis suxestivos dos nosos estudos literarios. Os folkloristas non sempre souperon decatarse de que as moitas cántigas de este xeito merecerían unha depuración especial e detida. C. Michaelis publica nos seus comentarios ó C. A. un exemplo galego moi mais craro que o de Leite de Vasconcellos, o do baile do «maneo»:

«Como se maneán as troitas no río...»

Hoxe poidéramos engadir unha abada mais de exemplos soio con follear o compretísmo cancioeiro da ría de Arousa que con garimosa anotación acaba de publicar Bouza Brey no III tomo dos «Arquivos do Seminario». Así as cántigas que recolle cos números 164, 165 e 234 poden ser cotexadas cas más escorreitas cántigas paralelisticas dos Cancioeiros, sendo de notar que o tema coincide ca que antes citámos, comentada por C. Michaelis, e procedente de unha bailada popular. Trátase de unha cántiga popularizadísima en todalas rias galegas:

*«Pol-o río abajo vai
unha troita de pé
pol-o río abajo vai*

*quen a poidera collar
quen a poidera collar
quen a poidera pillar
pol-o río abajo vai
unha troita a nadar».*

Unha simpre modificación na disposición tipográfica das copras amostra de cheo o paralelismo ideolóxico e métrico dos versos. Outro exemplo, e poderíamos multiplicálos sempre dentro da mesma colleita, nol-o dan as cántigas 56, 164 e 155, onde existe un paralelismo ideolóxico mais vivo. Pra facelo notar abonda xuntar as tres cántigas como formando parte de unha mesma composición. Trátase do coñecidísimo:

**Eu enguedellar, enguedellar enguedellei-
[me...]**

E o mesmo xeito poderían fornecernos, c'un pequeno cotexo de variantes copras tan sabidas de todos, como o

Ai Maruxiña, non vais á herba...

ou as que se anotan cos números 141, 142 e 211, no traballo que citamos, pero abonda o dito pra indicar o que n'este aspeito poda escrarexar unha boa colleita en Galicia, e mais ainda se pode engadirselle un estudo musical como o que veñen intentando en repetidas xeiras pol-a nosa terra Torner e Bal.

Voltando ó estudio de Nunes, do que nos arredou esta digresión, continúa espondendo o pouco que da vida do xograr pode suporxe e o contido poético das suas trovas. Refórzase a tese da sua presencia na corte portuguesa de Alfonso III e síguese, con demasiado apego cicáis, a teoría de Oviedo Arce sobre o senso lírico das cántigas.

Pero a parte fundamental do traballo consiste na recolleita das transcripcións paleográficas do C. V., do C. B. e do pergamo.

de Vindel. A segunda é moi importante pol-a sua novedade, sendo como é feita sobre o mesmo códice. En troques a derradeira, feita sobre unha copia manuscrita da edición fotográfica, apura menos o escrupulo paleográfico. Do confronto das tres logra, o A. unha versión crítica que regulará den de agora toda edición de estas cántigas, e que vai avalada por un breve comentario filológico e por unha lixeira anotación de variantes.

Nada pode oponse a este traballo cheo de fidelidade. Anotaremos, na pax. 28, unha acertada interpretación das verbas **mar saído** e **mar levado** con relación á marea. Pudo non embargantes arriscarse a hipótesis de que a primeira locución indique a mar baixa e a segunda a pleamar. En col do **por que eu sospirei** do Códice Vindel, ciúmás foras cousas de pensar en interpretar como *«quen»* a *q* do C. V. e do C. B. E por último conviría que Nunes, tan sabido en ortografía medieval, ampiase as notas que fai ás substitucións de *Ih* por *ll* e de *nh* por *nn* no pergamo Vindel. Este feito en relación co uso de *senheiro* en vez de *senheiro*, e de *gardas* por *guardas*, pode ser fertilísimo nas máns do profesor lisboeta pra fixar n'un novo traballo algúnsa indicación sobre a data e a procedencia do códice. Estes mesmos datos compre que sexan lembrados sempre polos nosos escritores que o citar anacos das cántigas, ou o facer novas ediciones de elas, deben aternerse a estas variantes que se acaroan á grafía galega.

Non remataremos estas verbas sen desechar que J. J. Nunes veda ler algunas leccións de literatura medieval portuguesa na nosa Universidade no próximo curso. Será o mellor homeaxe de agradecimento que podemos rendirlle despois do moito que leva traballado nos eidos da nosa cultura.

Romantismo, Saudade, Sentimento da Raza e da Terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal

ACABA DE APARECER ISTE NOVO LIBRO DE RAMÓN OTERO PEDRAYO



AFIRMACIÓN PATRIÓTICA

POR XERARDO ALVAREZ GALEGO

Discurso pronunciado o «Día de Galicia» en Vilagarcía d'Arousa,

A ARELA

Oxe, menos que nunca, coido indispensabel, ó escomenzo d'istas verbas, saudarvos con algunha das invocacións topiqueiras, ó senso das vellas parolas retóricas, pois cantos elquí nos xuntamos — poucos ou moitos — somos dos afervoados e dos bós, e sabemos o segredo de que o que nos funde n-estroras, o que nos aperta n-un mesmo agarimo, a cadea de brazos irmáns que nos estruxa, ten un postulado xenérico, un mesmo berro de loita, unha tácita consúa común: Galicia ceibel.

E, percisamente, oxe máis que nunca, compre acougar a arela peito adentro e mecela no berce quente do noso curazón. Porque é n'iste Día da Terra cando nos compre aparellar más nosa xuntanza, temperar más o espírito na emoción da mesma laboura e comulgar na seguranza do mesmo trunfo.

Fagámolo, pois, irmáns, a maneira d-invocación, e pondo a ollada na nosa Bandeira. E fagámolo dende elquí, dende a xentileza de Vilagarcía, d'iste pobo de maravela que todolos días, erguido na puntiña dos pés, vai a faguerse un retrato no líquido ouxetivo da ría arousán.

PAISAXE POLITECO

Compre, no día d'oxe, ollar o panorama do que fumos e do que soñamos ser, pra non esquecernos do primeiro e pra reafirmar a nosa vontade inquebrantabel de conquerir o segundo.

No literario teñen pasado cinco séculos sin

que a vos d'un cantor se erguese pra tremolar nosas glorias. E, así, poideron aldraxarnos Cervantes e Lope, Góngora e Tirso, a musa anónema de longos anos e-o derradeiro sainete «castizo».

No rexional, temos sido un pobo sin persoalidade, dend'os Reises Católicos deixa a postreira pingallada borbónica, pasando por aquil malvado, en fedor de santidade, que foi Felipe II, o que, ca sua anxélica dozura, quixo ensaiar enriba do noso asoballamento, «a doma pol-o rigor do castigo».

No politeco —como fixo ouservar, con outísima ollada, Otero Pedraio— endexamais tivemos unha politeca. Tínamos —iso si— politicos ifiorantes, cacícóns, nosos pol-o Rexistro civil, mais extranxeiros pol-a sua i-alma; politicos cuia única sensibilidade pra coa Terra, era a de seren capaces de curar nas suas despensas cantos xamóns tivera xeito pra producire toda a comarca do seu mandarinato.

No ademistrativo e no económico, pagamos, dend'os desastres coloniales, ata as maiores falcatrúas centralistas, sin que recibiramos, en troques, outra cousa qu'estradadas palmentarias, malecóns pra ficcions de portos e copas pra carreiras ciclistas...

Galicia, en fin, amigos, foi pra o centralismo unha rexión desconexida; orfa de comprensión pra a sua sensibilidade; de abandono pra os seus problemas; de ifiorancia pra as suás arelas, e de desdén pra os seus crámeros. O poder central, irmáns, de todolos xeitos, mallou en nós, chupou en nós, bulrounos, aldraxounos, fixo de nós a raiz! Raiz: fura na terra, fai coba na terra, traballa e xime, pra que cando o tron-

co engorde e-as pomás florezan, veñan os alléos a abanear o arbre e a recolleitar os froitos!

DICTADURA E REPÚBLICA

E así chegou o ano vinte e tres.

Dende entón ata oxe, ¡cántas cousas pasaron por riba da Hespaña! Pasaron, pol-o pronto, as cirolas abafantes do Dictador primeiro e do segundo e do terceiro, que se diiron tal mafía pra pisar forte e ben na escombreira do réxime, que o réxime inteiro —toda a noxenta fachenda da Monarquía—, un día grorioso, deu apodrecida no chan.

E así veu a República. Veu ila soila. Xurdíu porque tiña de xurdir, porque sí, pol-a mesma metereolóxica razón que, na treboada, desfanse as núbens en auga. Ningún intentou siquera detela. Non era posibre. Ningún foi tan neno, ou tan tolo, que maximase que aquil manílico volcán poidera apagarse pónolle no cráter un puchón da Guardia civil, como si se tratase de esmagar un cigarro.

¡E agora? Pois agora, diante da aitual paisaxe politeca hespaña, compre que votemos —pra compretar a prometida segunda parte d'iste índice de discurso— unha ollada ao porvir da Terra, a nosa traeitoría futura, á canto Galicia ten a obriga de faguer e a espranza de conquerir.

Denantes, é fundamentalmente importante deixar afincado que sere repubricano somente, é —como poido decir Marañón— non ser rén. Galicia, como toda a península é, sin dúbidas, craramente, afervoadamente, repubricana. Nin xiquera é licito dubidar do seu repubricanismo, si se ten en conta que o réxime, groriosamente trunfante na Hespaña, non era soio unha arela afincada, nin unha invocación amada nos nosos sonos de libertade e nas nosas espranzas d'unha vida máis diña e millor, senón que a ansiedade repubricana de Galicia, era sober de todo o dito unha necesidade cuásique fisiolóxica. ¡Así nos tiña de amargurados a vergoña infinda d'aquil caciquismo que medrou á nosa beira e que fixo o seu leito de infamia na mitade do vivir cibdadán da Terra!

Compre xuntar iste antecedente, e incruso modestísimo e persoal de quen vos fala —que ten contrastado o seu repubricanismo denantes da xornada que o trouxo— pra que teña algún valor isto que vou a decir. É a saber: que, non sómentes pra Galicia ser repubricana é non ser nada, senón que selo d'unha Hespaña unitaria, uniforme, chauvista, do tipo francés, por exemplo, é o mesmo exaitamente, que ser monárquica. Descuberto o peito e limpa a vos, tiñamos a valentia de decilo así. Si a próxima Constitución non troquela unha figura de República federal, reconcedora integralmente das autonomías rexionáns —dentro, xa se supón, d'unha unidade xeográfica que ninguén, que non foran os que andan imbecilmente a inventar acusacións, intentou esfoliar, entón Galicia, non pensarán en monárquico porque nós non facemos parvadas, pra ferida da República, desengañada da República, apartada, con dina friaxe, d'unha República de sucre, de banqueiros e d'outros cregos, terá de saber que a sua libertade está, como sexa, n'ela soila. ¡E nón, por iso, deixara de conquerir a sua libertade! ¡Abonda irmáns, con que todos prometámonos o asil!

Pois ca uniformidade d'istes primeiros tempos de República, levan xeito de medrar todolos maes que viñemos secularmente padecendo. E como non teño tempo, nin vos xustamente, pacencia pra faguer nin un índice lexismo en apoio da miña tesis federalista, e como, por outra parte, non son home que deixe no ar afirmacións que conquíren ser demostradas, somentes cun exemplo pretendo poñer en pé canto levo dito.

NOVO CENTRAISMO DA LEI AGRARIA

Velaiqui o caso n'isa reforma agraria próxima a sair, pol-o que parece, nas páginas da «Gaceta», ben derradeiramente malladas de prosa lexislativa.

Todo n'ela ten un forte senso centraista. É craro xa qu'os gobernantes casteláns non se décataron ainda de que o noso problema agrario é, non sómentes distinto ó d'Hespaña, senón oposto a il: que non é Hespaña enteira nin unha debesa extremadía, nin un

coto andalús; que namentras no resto da península o pantasma inquietante é o latifundio, eíqui o mal é a terra en anacos; que si alí hai trinta millóns de hectáreas sin cultivar e d'elas decenove millóns de hectáreas desertas — e deixo a responsabilidade dos números o derradeiro libro do escritor castelán Cristobal de Castro — nós temos, en troques, as terras divididas e minimifundiadas.

Si aló, pois, hai unha demanda dramática, a berros aburados, pra expropriación fulminante, coa parcelación das terras e a colonización interior, Galicia, posta en pé, prega fortemente pol-a desgravación das gabelas fiscais, pol-o reparto do patrimonio comunal, pol-a concentración parcelaria, pol-os novos módulos de sembra e pol-os modernos procedimientos d'abono.

Denantes de min, xa vos falou Núñez Búa dos traballos, n'este senso, da Misión Biolóxica de Pontevedra. Eu teño que rubircar as suas verbas e ter pra ese home que se chama Cruz Gallástequi, que puxo en outo o mirage de maxinar e de escomenzar a faguer unha Galicia nova e farturenta, a reiteración da nosa gratitud infinda. Eu prégovos que cun aplauso voso quede tamén eíqui publicamente recoñecida.

Pero eu coido, eu teño a seguridade, que Gallástequi pensa tamén, como levo falado, porque sabe tamén, mellor que todos, que namentras na traxedia do campo andalús fai falla laboura pra os brazos en famento descanso forzoso, pra os campesinos nosos — cuia dór repuxa ista mañán precisamente Fernández Mato, na crónica belísima dun xornal de Vigo — pra os nosos labregos servos da terra, escravos da terra, dobrados, de sol a sol, sober da gleba allea e forzados eternamente a bogar nas naos aldraxantes por riba dise outro mar, pardo e rizado dos sulcos; temos que buscar, co seu milloramento económico, unha trégola humán.

Distintos, pois, — e non uniformes como parece que se pensa no Goberno — han de ser os remedios. E si pra a parameira compre que séxan cantos ensaiou a Prusia posterior a Bismark, eíqui terán de aprosimarse as reaicións de Francia contra o fraacionamento de excesivo do seu solo, e ó que fixo Alemania pra ter cinco millóns de pequenos

NÓS

propietarios, e Hungría pra ter un millón e Yugoeslavia pra ter cinco centos mil.

Pra eso, é sómentes preciso que se faga carne de realidade o postulado indeclinable de Herzen: «a terra pra quem a traballa». Que non tome medo ningúen. Esto terá de ser así inexorabelmente, xa que mentras non ocurra, mentras dure entre nós o réxime vivente dos arrendamentos; non dará a terra canto ten no seu ventre ubérrimo. Lembra devos das verbas exemplares de Arturo Young: «dádelle a un labrego en arrendo unha terra fecunda e fará d'ela un deserto; dádelle en propiedade unha roca pelada e fará d'ela un xardín».

Repito que non haxa pavor. Porque, ainda que de coto non vol-o pareza, un país así orgaizado sería a máis forte garantía de paz e de orden, como asegurou e probou Horacio Pluchkett, é fixo ver Aquiles Loria e demostraron cumplidamente os campesinos de Hungría, pequenos propietarios todos, que por sel-o, fixeron fracasar, iles soilos, non declarando a folga agraria, o comunismo draconiano de Bela Khum.

¡A NOSA TERRA, NOSA!

E ren máis, que xa falei d'abondo, Trunfante na Hespaña a xesta da proclamación da República; morto, ou pol-o menos abafado o caciquismo que esclavizaba a Terra; vivindo unha atmósfera de democracia limpia, temos de conquerir, pol-a nosa vontade, e ca nosa manumisión económica, a nosa libertade políteca, xa que sin aquela non é posible ista, como houbo de decir un de verdade ilustre políteco hespañol.

No intre de todo elo, vivamos oxe ista xornada brincadeira da Terra. Porque, ao fin, no seu gran Dia, Galicia erguese, e trunfa e treme, como se faría cramar un berro paseño de multitud. Rizase a bandeira en olas azuis e brancas porque o tento morno que a abanea é o mesmo que pon de xionllos os trigoas. Soan as estrofas pondalianas ca forza de aturuxos rimados. E na crara mañán de Sant-Yago, toda lucencia de vran, a Terra enteira, pringada de alboradas novas, teña un lento latexar de desprecio. É así como a nosa Terra será nosa, irmáns.

LEABHAR GABHÁLA

LIBRO DAS CONQUISTAS D'IRLANDA

CAPÍDÓO XII

(Proseguimento)

Das jornadas de Golamh, fillo de Bile, fillo de Breoghan, dend'a Hespaña à Scythia, e coma fixo casamento ali, cando tomou a Seng, filla de Reffloir: da causa porque marchou d'ali e os lugares onde veu e onde demorou, ata que tornou a Hespaña de novo, relatase eiqui agora.

148. Despois que Golamh, fillo de Bile, rematou de deprender todo, coma temos relatado, e de que chegou aos anos de home, matinou que lle non daba creto nen honra o non ter coñecencia do fogar nativo e dos irmáns de castimonia da Scythia grega, ou costumanza da viage por outras comarcas d'ali preto. Despideuse dos seus parentes e dos homes da tribu pra ir a aquela geira, e iles déronlle licencia pra ir visitar libremente a Scythia. Cando todo o preciso que lle cumpría a Golamh pra ir a aquela aventura estivo disposto, e cand'os seus navios estaban preparados e os mariñeiros tamén, foi a iles coa tripulación de catro naos de homes de fia, perfeito no enseño de todo valor e de campeón da mocedad capás de levar armas, da raza de Gaodhal Glas, fillo de Nel, fillo de Fenius Farsaidh.

149. Iste son os nomes dos chefes e fialgos que foron na sua compañía n-aquela geira: Occe, fillo d'En, fillo d'Occe, fillo d'Elloth, fillo de Noenbal, fillo de Neimidh, fillo d'Elloth, fillo d'Oghamain, fillo de Toithechta, fillo de Tetrech, fillo d'Eber o negro, fillo d'Agnomain, en quen a sua genealogía encontra a de Golamh. Uicce, fillo d'Un, fillo de Uicce, fillo d'Elloth, etc. Caicher, fillo de Manntan, fillo de Caicher, fillo d'Eichadh, fillo de Caimthecht, fillo de Soet, fillo de Manntan, fillo de Caicher o Druida, fillo d'Eber, fillo de Fai, fillo d'Oghamain. Buas, Bres e Buaigne, os tres fillos de Tigernbard, fillo de Breg, fillo de Breoghan, en quen a sua genealogía atópase co-a de

Golamh. Suirge, fillo de Caicher, fillo de Manntan, fillo de Caicher, etc; co-a escoleita d'estes valentes herois d'entorgado tronco do qu'iles nasceron, tan ben com'aquiles. Entón navegaron pol-o estreito do mar de Gades, ás Columnas d'Ércoles, á Sicilia, e dend'ali, d'un porto n-outro, chegaron á Scythia. (1)

150. Quen d'aquela era rei da Scythia, era Reffloir, fillo de Nem, da castimonia de Noenbal, fillo de Fenius Farsaidh. Cando tomaron porto, inquireu quen eran. Iles dixéronlo. Cando houberon relatado a sua parentía aos scythianos, istes foron hospitalarios co-iles, honráronos e servironos, escollendo toda cousa boa que iles fora precisa. El-rei Reffloir cos scythianos, e Golamh co seu pobo, foron benévolos e afei-zoados un co outro, despoixas de teren sabido da sua amizade e parentía, e despoixas que tiveron feito sabel-o propósito e a ideia de cada un d'iles. Despois d'un pedazo, o rei considerou qu'era comenente pra il casar unha fermosa filla casadeira que tifia con Golamh, en atención á sua nobreza e ilustración, á sua força e valor. Díxollo e il amostrouse conforme, tanto qu'acordouse a boda. Golamh e o seu pobo demoraron na Scythia, já qu'era genro do rei Reffloir, ata qu'a filla do rei—Seng filla

(1) Notese que n-este libro teñen unha importancia decisiva as genealogías, as quales na Irlanda son de cote soldadosamente estudiadas e conservadas. Non colle dúbida, ademais dos entronques que no *Leabhar Gabhála* se procuran sempre coas castimonias dos antigos Patriarcas, a influencia das genealogías da Biblia n-estas genealogías irlandesas.

de Reffloir era o seu nome—lle deu dous fillos: Donn e Erech foron seus nomes. Un sobrenome tivo iste Donn, foi chamado Eber-Donn.

151. Entón Golamh adequireu forza e gran poder antr'os Scythanos, ata que foi en todo estremo máis forte na comarca qu'o rei Reffloir, pol-a grandeza con que o pobo todo ao longo da comarca o quería polos seus méritos. O rei decatouse d'isto, tanto que ficou cheo de ciume e odiou a Golamh, por medo qu'il poidera vir contra d'il arrebatarlle o reinado e a comarca, com'os denantepasados do mesmo Golamh someteran á sua tróncalidade original d'unha vez alá atrás. Novas d'esta nemizade e ruín disposición foron relatadas segredamente a Golamh, de geito qu'iste estaba en garda e preparado. A hostilidade de Reffloir car'o seu genro medrou e foi a maiores, ata que se non poido conter de provocalo a singular combate. Golamh pensou que lle non daría creto o refusar un singular combate con calquera que fose, e d'iste geito, il e mais Reffloir atacáronse un ao outro e estivéreronse batendo un no outro moito tempo; ata que Golamh feriu a Reffloir, e chantou a lanza bermella de sangue no seu muslo; e os seus pobos arredáronse un do outro. (1)

152. Tendo Reffloir deixado no seu leito de morte, tanto que morreu da ferida que lle fixera, xenreira e grande inquinia encheu aos más dos chefes e nobres da terra en geral contra Golamh e o seu pobo, por aquela morte que fixera; tanto que s'ergueu c'un sóio pensamento en contra d'il, e puxeróno fora e botárono co seu pobo da Scythia. En canto a Golamh foi navegando co seu pobo todo, e deixou a filla do rei coil e levou os seus dous fillos. Corenta naos co-as suas tripulacións e cos seus correspondentes campeós, esta era a sua conta. Nave-

garon arredor da Asia, ao suleste á illa Taprobana; estiveron ali tres meses. Tres meses más andiveron no mar ata que chegaron ao Egypto. Faraón Nectanebo era rei d'Egypto cand'iles chegaron, e foi hospitalero con Golamh, pol-o seu renome e goria e a amizade dos seus denantepasados n-outro tempo.

153. D'estas aventuras de Golamh cantouse a estanza:

Golamh feriu, e foi unha rara morte,
a Reffloir o doce, que non era moi floxo;
tanto qu'il deixou a forte Scythia longe,
da ribeira do Nilo, ata qu'atopou a Faraón.

154. Agora Golamh viveu no Egypto despois d'isto e recibeu alf un Estado, e colleu a Scota, filla do Faraón por muller. Iste Faraón Nectanebo era o trigésimo segundo Faraón que tomou o reinado d'Egypto despois do Faraón que foi solagado no Mar Rubio. Agora «Faraón» era o nome de todolos reis d'iles, un despois do outro, dend'o pirmeiro rei cuio nome foi Faraón ata este derradeiro rei; coma «César» é o sobrenome de todolos reis en Roma, e «Ptolomeu» de todolos reis d'Aleixandria. Iste é un sino d'honra aos reis. Istes son os nomes dos reis que tiveron o Egipto antr'istes dous Faraós, co número dos anos do seu reinado:

Faraón Cerres.	15 anos
> Armades.	.	.	.	5	*
> Rameses.	.	.	.	60	*
> Amenoses.	.	.	.	40	*
> Amenomes.	.	.	.	28	*
> Tures.	.	.	.	7	*
> Daremandis.	.	.	.	26	*
> Senres.	.	.	.	40	*
> Thustus.	.	.	.	9	*
> Oschorus.	.	.	.	7	*
> Csinachus.	.	.	.	9	*
> Csimes.	.	.	.	25	*
> Sessonchus.	.	.	.	21	*
> Pissamus.	.	.	.	40	*
> Bachor.	.	.	.	47	*
> Etheops.	.	.	.	12	*
> Silvicus.	.	.	.	15	*
> Etheops.	.	.	.	20	*

(1) A ferida no muslo que Golamh lle fai a Reffloir, é frequente na literatura cabaleiresca. Exemplo d'elo é o episodio da espada partida no muslo de Joseph d'Arimathela, na legenda do Santo Graal. Partilado o finur co-a maza d'armas, é como no Mahabhlárata mata Bhima, un dos cinco Pandava, a Duryodhana, o más vello dos Kusava, por consello de Krishna.

Faraón Etheops Memess.	22	anos
* Stapantes	7	*
* Encheprus	6	*
* Necha	8	*
* Assanet	9	*
* Nechot	6	*
* Asmutes	12	*
* Hupritis	30	*
* Amenitis	42	*
* Amartes	6	*
* Nefritis	6	*
* Anchoris	12	*
* Mutes	1	*
* Nectonebus	18	*

Iste foi o rei que Golamh atopou.

155. Agora Golamh demorou oito anos no Egipro co seu sogro. Scota, filla do Faraón, tróuxolle dous fillos d'un paro, Emer o branco e Amergin os seus nomes. Un número do pobo de Golamh deprendeu as artes principais—Sedgha, Suirghe e Sobairche, deprenderon artesanía; Mantán, Caicher e Fulman, deprenderon druidismo; os tres seguintes, Goisten, Aimirgin e Donn, foron juezes (?) e dadores de verdadeiras decisiós; valentes e vitoriosos foron Golamh, Occe e Uicce. (1)

156. Cando a sua educación estivo rematada, detremou Golamh de deixal-o Egipro e ir ond'a sua gente à Hespaña por consello da sua muller e do seu pobo. Despedíronse pois do rei e dos nobres d'Egipro. Déronse ao mar con tantas naos coma cando deixaran Scythia, e Scota, filla de Faraón, co-iles. Navegaron pol-o Mar Rubio. Ali ergueuse unha gran tromenta contra d'iles, tanto que foron derivando ata chegaren á illa Taprobana. Botaron un mes ali. Despois d'isto foron alén da Albania, car'o Oeste, á punta de Sliach Riffe, car'o

(1) O libro fai deprender aos Milesianos as artes e as cencias n'un dos máis sonados emporios do saber antigo, caí fai tamén alegria a leenda grega, o Egipro Faraónico. Arrepárese nas catro cencias de qu'equí se fala: a Cencia das Artes Mecánicas—que de cote na leenda teñen unha orixe divinal e sagrá—a Cencia Oculta—Druidería empregnase de cote no *Leabhar Gabhála* coma sinónimo de magia e feiticeiría—a Cencia do Deuteo—que constitúa un dos exercicios profesionais dos Druidas—e a Cencia da Guerra.

Norte, ata chegaren á Thracia. Ali estiveron deica que Scota partiu un dos seus fillos, Ir seu nome. Remaron logo ata chegaren á Gaethlaighe Meotacda (Maeotis). Un ano botaron pasando aquelas costas por razón de toda a pelerinage que lle caíu en sorte. Fixeron pouxa un pedazo no Gaethlaighe. Outro fillo lle naceu a Golamh n-aquil lugar, que foi Colptha. E marcharon ao fin deica chegaren á Germania, Fixeron pouxa n-ela. (1)

157. Foi ali onde chegou unha tropa de soldados do pobo dos Pictos, a causa da sona e gloria d'aquela expedición mariña de Golamh; tendo tido coñecencia un d'outro dend'o tempo en qu'il estaba na Thracia co seu pobo. Cada un d'iles deu a benvida ao outro, e fixeron tratado e amizade de cada parte. Cand'houberon pautado juntamente, os Pictos layáronse a iles da estreiteza da sua terra e terruiro en Thracia e en Pict-land. Golamh cos seus irmáns e os seus fillos prometeu que illes daria ajuda e militar alianza pra loitaren por outro terruiro de fermoso herdamiento; e qu'iles habían estar unidos contr'os seus nemigos anque foran irmans; deica que iles (Golamh e o seu pobo) colleran sosego e desistiran das suas jornadas mariñas e pelerinages nos qu'andaban e que'houberan chegado á sua nativa terra. Os Pictos ficaron satisfeitos co-elo e despedíronse d'ali. Foi dend'iste trato e amizade qu'os Pictos fixeron con Golamh, que longo tempo despois, o Gaedhill colleu por forza pra iles o país ond'os Pictos estaban, coma Golamh profetizou n-aquil tempo.

158. Golamh navegou despois d'isto co seu pobo pol-o río Rhin, pasou á Galia, a Creta, a Sicilia, a Valencia (?), a Brigantia, ata que chegaron ao Sul da Hespaña, ao Norte da Hespaña, e entón á tri-corne Hespaña. Terza-feira, en canto ao dia, chegaron ali. Entón iles foron a Bri-

(1) Tocantes á geografía do *Leabhar Gabhála* e nos compridos periplos da raza de Gael, compre un estudo especlist. Un mais amplio comentario d'iste libro en total-as suas partes e nos seus variados aspectos, ha ser emprendido por nós mais adiante, n'estas mesmas páginas.

gantía, e a cibdade ficou valeira diante d'iles; porque non moi despois que Golamh fora precural-a Scythia, o seu abó Breoghan morreu, e a genreira dos seus nemigos, por riba dos que estaban na Hespaña, persigüeu ao Gaedhil ata qu'os esparexeron e botaron ás veiras das terras veciñas, tanto que iles se non estreveron a visitaren, entraren ou habitaren na cibdade de Breoghan, ou seu alfor arredor d'ela, ata entón. Golamh estabreceuse despois d'isto co seu pobo en Brigantia, e chamou e ajuntou á tribu de Gaedheal,

de todol-os sitios por ond'andaban espallados e isolados pol-as terras adiante, ata que chegaron á sua plenitude e suma. Grande e inmensa era a conta dos homes qu'alí viñeron, despois que foron ajuntados n-un lugar.

159. Scota, filla de Faraón, pariu doulos fillos na Hespaña, despois d'isto, Eremhon e Erannan, os doulos mais novos dos fillos de Golamh. Pra comemorar os varios lugares ond'aquiles fillos de Golamh foron nadados, dixose asina:

- a Oito fillos de Golamh de Iedicia,
cuio nome era Mil de Hespaña,
mil chairas foron por il limpadas;
en que terras foron iles nadados?
- b Airech, Febra e Donn, qu'era o seguinte (?)
de Seng, nadados na Scythia;
Scota pariu no plácido Egypto
a Emer o branco e Aimirgin.
- c Ir, que certamente non era o maor héroi,
foi nado na parte de Thracia;
Colptha o da Espada foi nado
en Gleann Gampa no Gaethlaghe.
- d Nados na Torre de Breoghan, sen pena,
Erannan e Eremhon;
os doulos mais novos dos hérois sen lixo.
Filho de Deus abateu o seu orgullo.

160. Tocantes ás varias razas da Hespaña, juntáronse e acordáronse de cada quartel e de cada fronteira d'onderan, Frios, Lombardos e Bachra, pra arrempuxaren e botar fora a toda a posteridade de Gaedheal. Porque eran de herdamento nemigos d'iles, e non tiñan por comenente o deixalos entrar e moraren nas veciñas terras arredor da vila de Brigantia, já qu'enantes os tiñan botado. Cando Golamh cos seus fillos e irmans soupo da malquerencia e ruín intención que tiñan contra d'iles, puníeronse en garda contra d'iles pra os combateren; asina catro e cinco batallas foron rifadas antr'iles, unha após da outra. Un valente soldado foi Golamh n-estas bata-

llas e por il foi cada batalla ganada aos seus nemigos en redor, tanto que por esta razón lle foi dado o nome de «Miledh»; así qu'isto apegouse a il en todol-os bicos dend'aquela, por mais que Golamh fose o seu pirmeiro nome, (1)

161. Despois que ganou aquelas batallas, loitando polos dereitos dos seus antergos, colleu o governo da Hespaña pol-a força, e despois d'esto, as linages e os habitadores, as tribus e razas da Hespaña, foron

(1) Murguis tratou d'atopar niste sobrenome de *Milledh* ou *Milidh*, dado a Golamh, a origé do nome da vila de Melide ou Mellide.

obedentes a il. Pacifico e afortunado foi o seu reino e seu governo, depois que trouxo a todos baixo o seu domínio e governo e jugo e poder d'esta maneira. Mil estivo un longo tempo gobernando ali o seu reinado, e en gran força ata qu'a pestilenza veulle a il mesmo e ao seu pobo

e ao número do seu pobo; tanto qu'ali morreron o rei Mil, Occe e Uicce e cincuenta parexes de casados do seu propio pobo co-iles.

162. Estas son as aventuras de Golamh dend'a Scythia, así que d'il foi dito: Cionnaeladh o Instruido o compuxo:

- a Golamh chegou da Scythia—
unha historia na qu'os bardos atopan dozura,
despois de ferir a Reffloir, fillo de Neman,
co-a sua lucente verde e branca lanza.
- b Corenta naos a conta da sua expedición;
alá iban pol-o mar abondo de familias;
a hoste era millor que ningunha banda,
eu lembro eiquí a sua jornada.
- c Estiveron tres meses na insua
de Taprobana, d'acollida,
tres meses n-outro lado, unha estación sen demoranza
navegando pol-o mar d'escuma.
- d Despois d'isto vifieron á terra d'Egypto,
á corte do Faraón de guerreiras bandas,
Scota é outorgada a Mil,
Galeinh, de quen nunca se ganou vitoria.
- e Un número d'aquela tropa colleu
pra dependel-as artes na sua estada:
Sedga, Sobairce e Suirge,
en artesanía sen tristeira dificuldade,
- f Druideiría por Mantan, por Caicher,
por Fulman o inventivo e grande;
jurisprudenza pol-o mortal de branco gionillo,
por Gosten de severo dedo, por Donn.
- g Tres reis dos guerreiros nós contamos,
seu favor esténdese riba do mar;
deprendendo valor e proeza,
Golamh, Uicce, o nobre Occe.
- h Iles marcharon ao cabo de oito anos,
de costas no derecho camiño;
estiveron ua mes na Taprobana
anque non era causa de pesar.

- i Navegaron, pasaron a punta de Sliabh Riffe,
chegaron toda a terra na onda
un ano botaron preto de Tracia
ata tomaren acougo na escura Dacia.
- j Estiveron un mes na colorada Dacia,
e foron despois á crara Gothia,
ao Delgaint, ao orballado Breoghan.
na fria esquinada Hespaña.
- k Duas partes e catorce batallas
os cumpridos guerreiros rifaron;
pol-o dereito á Hespaña,
elas foron ganadas pol-o gran Mil.
- l Entón é «Mil da Hespaña» sobre d'il,
por aquelas batallas que rifou;
Golamh é o seu apacible nome propriamente,
meu mestre, sen ruín xenreira.
- m Peste viu riba d'les no seu fogar
cincuenta parejas morreron d'ela,
cos tres reis que son menzoados,
ídolos que non foron aldrajados no duelo
- n Golamh da Scythia de craro escudo
en terza feira, non é acusado de falso,
tomou a Hespaña, en canto ao dia,
era pra il un tesouro prontamente.

(*Seguird.*)

D A A L E M A Ñ A

POR VICENTE RISCO

III. BERLÍN

(*Proseguimento*)

BERLÍN DIANTE DOS OLLOS

Todas estas primeiras esperencias han ser, por forza, confusas e enleadas; han ser a descripción do descocido, a viage d'un cego, o naufragio dos sensos no Maelstrom. Andiven moito por lugares de cote novos, de cote estranos; fun por onde me levaron.

E Berlin, namentras, un nono engerga, é d'unha mostruosidade esmagante, é o estrano en toda a sua forza formidábele e irresistíbele, armado das más tremendas armas. Despoixas, ven resultar, ao cabo, que é unha cibdade boa de coñecer, doada d'andar, fácil de vivir, que responde perfeitamente ao seu plano, e onde todo áchase disposto da

millor maneira pra lle tirar á un de diante todos os pasos dificultosos. É unha obra de man de mestre, antrás vilas sorbedoras d'homes. É un gran mundo artificial de extrema perfeición mecánica, coma s'os homes houberan querido erguer un novo mundo montado asegún a cencia, e non asegún a naturcza. É —e já voltaremos sobre d'elo— unha sorte de Torre de Babel concebida n-hourizontal.

Guiado pol-o Fernández Armesto, que já domina iste mecanismo, da casa de Fran Tornegg, fumos eu non sei onde: un interminabel camiñar, en longos días sen cabu, —ista era sexta feira— por rúas, *restaurants*, cafés estaciós, viages no tren eléctrico (*Stadtbahn*), vista d'edifizos, tendas, librarías, cadros, anuncios, gente, escaparates, sinals lumiosas (bermella pra parar os coches; marela, intermeia, verde, pr'aendar os coches pra diante), hoteles —o Armesto amostroume o de gran luxo, do que sacaron a Rosa Luxemburgo pra guindar co-a ao río, dend'unha ponte que pasamos— eirejas protestantes, d'estilo románico ou ojival, cinemas da Ufa, que son infinitos, etc.

O Armesto vaime espricando todo, fagéndome os honores de Berlin. As suas espricadeiras son da meirande utilidade.

O Armesto posée unha mentalidade moderna; gran cazador de novedades, d'esta ordinaria abelencia práctica, d'unha capacidade d'adautación inteiramente galega, prescindiu de todo ligame co-a tradición, e botouse de cabeza no inédito e no utópico. Pra il, todo o que é principio, regra ou costume, é unha pexa, un vencello que compre esgarzar pra deixar vir o renovamento total do mundo; soña unha sorte de paraíso terreal movido a máquena. D'esta sorte, pra il todos istes símbolos que desfían diante de nós —pra min, hoxe ainda non son símbolos— significan outra cousa diferente do que significan pra min. O Armesto está por elo chamado a verdadeiros éxitos no jornalismo, que hoxe por hoxe, é o seu traballo.

À noite, presentoume un escritor hespán: Ayala, colaborador da *Revista de Occidente* e autor, asegún creio, de *Indagación del Cinema*. Ayala, que marchaba ao outro

día pra Madrid, é un hespánol típico, absoluto, cumprido, racial. Bohemio, namorado (máis ben à moderna), señorito, conversa, pensamentos, maneiras castizas... Trabuqueime? Non sei, en duas ou tres horas de compañía; penso que é indubidabelmente inteligente, cecais capacisemo —dende logo, moito más capaz qu'a min— d'amar o moderno, mais, o seu temperamento, o seu carácter, o seu xeito, non teñen nen migalla de moderno.

Fumos jantar juntos, aló pol-a Friedrichstrasse, e despoixas, fúmolo levar á sua casa, no vello Berlín do Norte, onde se fala somente o dialeito berlínés. O Armesto esprica que ese Berlin comenza alén d'Alexander Platz, e a il refírese a novela de Döblin: *Berlin, Alexander Platz*. Barrio d'obreiros, pequenos empregados, e tamén de gente maleante, centro do comunismo...

O sábado «levoume ao Consulado de España. Longo viage n'autobús. Os autobuses, marellos, teñen dous andares, e no segundo, pódese fumar. Ningunha lembranza d'este viage.

O Consulado está no fondo d'un páteo. Ten unha soila cámara dividida en tres c'un tabique de táboas e un mostrador. Hai carteis de turismo hespánol e unha mecanógrafa alemáa, que fala español. É unha oficina probe e tristeira.

Despachado, viñemos jantar co Tobio n'un *restaurant* que non poido lembrar, e despois fumos ao Romanisches Kaffe, na Augusta Victoria Platz. O Romanisches Kaffee é un café de literatos e artistas. Ten diante unha terraza con toldo. O café é ruim e caro. Augusta Victoria Platz, iba ser toda ela d'estilo románico. Ten algunas casas d'ise estilo, antr'elas o *Gloria Palast*, cinema da Ufa, e no medio está unha fermosa cireja do mesmo estilo. Namentres ali estivemos, trouxe e choveu se Deus daba auga. A terraza estaba chea, e a chuvia batia na lona coma n-un tamboril. A gente acollise.

Despóis pasou un camión cheo de homes cantando. Aquiles homes levaban unha sorte de *chakó* dobrado pra diante, un levitón gris, correajes militares e bandeiras brancas con triple cruz negra.

Dixéronme qu'eren nacional-socialistas (cecais foran da Stahlhelm).

— Os nacional-socialistas —espricáronme— son unha sorte de fascistas revolucionarios, cuia doutrina é o misticismo nacional. Pra illas, a nación é a única realidade terrea superior ao home. O seu mestre é Hitler, austriaco, teórico do racismo. Queren a revancha contra Francia, o erguemento económico d'Alemaña, a posta en poder do seu país.

E seguindo a sua tema marxista, engaden:

— Os nacional-socialistas, son todos iles pequenos empregados, estudantes, clase media burguesa, a qual, apertada d'unha beira pol-a comunismo e d'outra pol-a aristocracia, especialmente a do difeiro, atopan unha saída no racismo. É nacional-socialista o que non pode ser comunista nem nacionalista da dereita. Son pequenos burgueses, e por iso son antisemitas, porque os judeus son eiui os donos do difeiro, e anticapitalistas. O nacional-socialismo é a defensa natural do pequeno burgués, que non pode vivir...

Non hai caso: co marxismo, espricase todo coma lle dea a gana a un. O que é eu, non vexo moi crara a esprcadeira, mais non é cousa de porfiar arrestora.

— Tanto istes com'os comunistas, coma todolos demás partidos —siguen iles— aman o uniforme, os grandes desfiles a paso militar, as voces de mando...

Tamén isto s'esprica por un imperativo económico? El é leria?

— Os alemás —acrescentan— levan o militarismo na masa do sangue.

Na masa do sangue? Veleiqui unha esprcadeira ben pouco marxista...

— Os Stahlhelm —din ainda— forman unha verdadeira milicia autorizada pol-a lei, unha sorte de somatén. Son antigos aristócratas, polos pera, más gente forte, valente e arriscada, que se sabe bater, morrer e matar. Están, más ou menos, d'acordo, no fondo, cos nacional-socialistas, iso qu'agora illas son partidarios de Hindenburg, e os nacional-socialistas nono poden ver. Os Stahlhelm eligen sempre coma presidente a Hindenburg, mais iste endejamáis aceta... Hindenburg é o caso típico do senso do deber no militar alemán, pois sendo coma é, no

NÓS

fondo, monárquico imperial, é presidente da República e cumpre fidelmente coma tal.

— Eiui —van dicindo— todolos partidos son craros e definidos: o democrático é o dos judeus que non son ricos; o social-demócrata, o dos obreiros de boa posición e pequenos burgueses, etc.

Sigo vendo que chaman partidos definidos aos que s'esprican asegún o criterio marxista. Pero non verán istos homes qu'o marxismo esprica demás as cousas, é craro demais, definido de más, pra ser verdadeiro? Comprendo que homes de masa, de mentalidade simple, o novo bárbaro das grandes cidades, ou os que levan demasiada presa na vida, e non teñen tempo pr'exercitaren o pensamento crítico, sefan marxistas; más qu'outros se deixen engaiolar, me non colle na testa... Ben é certo qu'o mesmo Arnesto, que semella un marxista ortodoxo, faloume d'unha volta a Lasalle, no socialismo alemán. Esta volta a Lasalle é unha volta ao romanticismo, é unha proba de que hoxe, o materialismo, já se non pode sostén,

Prosiguen os informes:

— Agora, todolos partidos se van desfaguendo pra enrequentaren os partidos extremos: o comunista e o nacional-socialista, que son arrestora os más poderosos... Sostense o partido católico do Zentrum. Iste partido práctica unha política de balancín, abeleniosa, diplomática, sabia, case galega. Iste católicos son todos liberais e partidarios da liberdade de concencia; son o verdadeiro sostén da República, e en realidade, co-a sua prudente política, gobernan a Alemaña... O catolicismo ten unha grande importancia n-Alemaña; os católicos impónense pol-a sua reitude moral; as familias católicas conservan ceibes da desmoralización geral, e chegan a un punto qu'os rapaces universitarios católicos conservan case todos virxes. D'este xeito, o catolicismo progrésa de día en día; de cote hai novas de conversións, case todas de gente importante, de familias aristocráticas ou d'antigas firmas comerciais, e tamén de gente en masa. Nefecto: son moitos os que s'arredan das comunións protestantes, e d'iles, moitos ingresan na igrexa católica. Ademáis, os católicos son os que teñen millores institucións

de caridade, d'enseñanza e d'asistencia social, os que más se preocupan dos homildes, os que más propaganda fan.

Tamén me falan d'un recente discurso do ministro da guerra, na Cámara, decindo que hai que remilitarizar a Alemaña, non somentes pra aumental-o seu poder, senón pracriar o espírito militar na mocedad, coma base d'educación moral pra ela. Dín qu'é un home moi elocuente.

Por fin, falamos dos alemás. Com'os de Boun, tamén fan d'iles un juizo severo:

—A cultura alemaña é causa supreficial e imposta. O alemán non cumpre co-elo un gusto, unha afeición, senón un deber, unha obriga; obedece a unha regra. O alemán é fino, non nativamente, senón porqu'o adeprenderon a selo; déronlle aquela orde, e il cumpre a concencia, mais por adentro fica bárbaro. Non ten, coma nós, com'os franceses, com'os judeus mesmos, o senso da ironía; non sabe disimular; di sempre o que siente, e non minte endejamáis. O qu'un alemán di, é de cote a verdade; palabra que dea, húa cumprir. Son tardos, non se lles ocurren de súpito as cousas; teñen que pensar ben no qu'un lles di pra chegar a comprender. Un alemán di *also*, pra namentras ir matinando o que vai dicir. Os alemás débeno todo á orgaización que teñen e á sua apricación pra o traballo.

Ainda me din outras cousas: que non está permitido limpar os dentes c'un pauciño diante de gente —probe d'aquil señor noso amigo d'Ourense, qu'anda toda a tarde co palillo nos dentes!—; que pode un arrotar diante de calquera, sen incomenente —*Baracaluce!*, coma diz que din os mouros!—; que hai que saudar ajuntando os tacós; que hai que facer moitas reverencias, e outra chea de chafalladas.

AS MILLORES HORAS DE BERLÍN

O Tobío, levoume despóis que sereou a tarde á sua casa, onde iba coñecer ao Canedo, e ond'iba pasar dend'entón, moitos días, horas inesquecibles.

Terei que lembrar toda a vida aquelas conversas, nas que, a pequena colonia galega de Berlín —catro ou somentes, tres ami-

gos, despoixas soilo dous— comentábamos a vida estrana no plano máis ergueito do espirito.

Imos ver.

CANEDO E TOBÍO

O Canedo, demora, co Tobío, na casa d'un matrimonio holandés d'apelido Dzaliher, en Gieselerstrasse, rúa longa e larga, queda e silandeira, un pouco triste, do barrio de Wilmersdorf. Ten unha cámara con duas fenestras que dan a páteos e traseiras de casas, e n'ela, unha mesa e un alzadeiro ateigados de libros raros e de moito prezo. Ten *Los Problemas fundamentales de la Filosofía y del Dogma*, unha edición antiga do *Rig-Veda*, un libro en col das inscripcións oghámicas e unha historia da filosofía.

Cando me puxo nas maus o *Rig-Veda*, eu abrino con emoción e respeito, e tratéi d'emprincipiar a lér, soletrando. Sentin enveja e pena de non poder lér de corrido estas cousas, com'il fai. Sentin de súpito toda a miña inferioridade.

Il é un home de cencia: estuda lingüística indoeuropea, e non consinte que lle chamen filólogo. Debutou o sanscrito, o avesta, o lituano, o celta, o grego, o latín, o gólico, o slavo. Pol-a lingüística é nacionalista alemán e antisemita. É un home pechado na sua especialidade, e, pol-o menos nos medios universitarios, úneco na Hespaña. Tan úneco, que na Universidade hespaliola, atal e coma hoxe está constituida, non pode haber máis qu'un soilo posto, unicamente, pra il: a cadeira de sánscrito na Universidade de Madrid. Ou consigue ise posto, ou non poderá vivir na Hespaña.

Total, qu'o Canedo ten conquerida unha posición científica, mais é carecente de toda posición económica; pra vivir, por todo ter, ten una pensión da Diputación da Cruña, que a outro non lle chegaría pra nada, máis qu'a il tenlle que chegar por forza. Velehi está: eu, en troques, mal que ben, teño un achego económico, e teño máis anos qu'a il, e non teño unha posición científica.

Merez a pena —socialmente— de ter unha posición científica?

O Canedo, que ten a ingénua ledicia e o

confiado optimismo do home de cencia, pensa que si. Pechado n'ise pequeno mundo no que viven os seus ídolos —Amor Ruibal, von Wilomowitz, Moellendorf, Lüders, Schulzer —non pode ver com'a cencia pura e desintresada vai perdendo creto e fortuna no mundo actual. Coma ve ou'os sabios universitarios alemás ainda gozan de certo respeito público, ben seña por tendenza atávica, por hábito adequirido, por pulo que ven d'atrás ou polo que seña, se non pode decatar de qu'o mundo lles vai virando as costas, e deixándoos isolados co-as suas chifladas, entretido com'está c'outras cousas. Non pode comprender qu'a cencia que non teña unha inmediata apricación á satisfaizón das necesidades materiais da vida humán, cumpriu já o seu tempo, e que vai vir unha sociedade que terá aos sabios desintresados da sua caste coma lastre inútil, coma parásitos improductivos, e lles ha negar, s'é que queren vivir, polo menos unha gran parte do tempo que precisan pra matinaren nas musarañas. Eu coidei deber de concencia espallar diante dos seus ollos, defendidos por uns anteollos con montura dourada e por unhas sobrecellas bastas e juntas de estudante de crego —il nega telo sido, por más qu'o afirmen, a más das sobrecellas, o seu sectarismo anticatólico— esta visión d'un porvir qu'está a chegar. Non hai modo d'o convencer. Il sigue pensando qu'a cencia pura gana prestígio no mundo, qu'o espírito e o pensamento son os que guian a historia, qu'o progreso —porqu'o Canedo, que é fondamente reaccionario, coma cumple cecais a un home d'outa cultura, crê ainda no progreso— se non pode deter endejamáis.

Iste rapaz, tan bó, tan extraordinariamente bó, e tan sabio, é ademáis un bó galego. Nado en Tordoya, percorreu toda España —fala de Sant'Yago, de Madrid, do Porto, de Granada, de Bilbao, de Barcelona, coma tendo demorado tempo en cada un dos sitios—; botou anos en Paris e n'outros sitios de Francia, n'algunha outrá Universidade alemá, e já leva, o menos, dous en Berlin. E non perdeu o seu carauter racial. É galego da cabeza aos pés, anque da sua cabeça aos seus pés non haxa unha distancia eisage-

rada. Ama a Galiza, siente, comprende, profesa o galeguismo; fala galego. Pois ben: Galiza non poderá sacar proveito ningún do raro talento e da más rara sabencia d'iste home, por non termos nós más qu'unha quarta parte ou menos d'Universidade, e a que temos, de tipo español, e regimentada asegún regras ditadas polo centralismo enseñante. O podermos ter ao Canedo na Universidade Compostelán, atraguería a ela gente de toda España —dado que na España houbera quen lle dera por ises estudos— e d'affora da España; o sair d'ela as publicacions do Canedo, darialle sona universal. Mais temos que deixar marchar a iste coma se foron outros...

Bohemio da cencia, vivindo coma pode, aforrando en vestidos, coma Erasmo, pra mercar libros, fugindo d'eiquí, o Canedo conquireu unha persoalidade científica á que nós, solicitados por todo o qu'eiquí hai que facer, sacrificados á Terra e a un ideal que non logramos qu'os nosos compatriotas compartan, non poderemos já chegar a ter. A tragedia nosa velehi está: polo ideal renunciamos á cencia e á sona e ao prestígio; mais, sen ideal, pra qué a cencia, pra qué a sona, pra qué o prestígio?

Dende logo, o Canedo e más eu intimamos de contado, e na nosa relación, aconteceu que il, o sabio, era quen gardaba todal-as consideracions a mi, o dilettante. Apracíalle qu'estivéramos sentados de parola, e confioume ata o seu pensamento filosófico. Traguía sempre zapatos que lle mandaban —o que lle faguía falar pestes dos zapateiros alemás— e más eu conseguía que fixera comigo longas camiñatas. Misógino por austeridade científica, eu obrigába-o a reparar en todal-as rapazas que pasaban ao noso lado. A pequena cantidade de vida de que vai turrando o meu cativo ser, vencia así e todo á inmensa cantidade de cencia qu'il aturaba riba do lombo.

CEA BERLINESA

O Tobío tiña unha cámara c'un balcón de cemento sobr'a rúa, todo cinguido de froles e enredadeiras. N'aquél balcón puñamos unha mesiña e sillóns de junco. Estábbase ali

fresco coma n-un jardín. Chiaban os páxaros. Pol-o día, e ainda á noite; podiase ali fumar e parolar de xeito gustoso.

Máis pr'a erguel-o espírito da conversa, había qu'agardar á hora lúcida do lusco-fusco. D'aquela, o Tobio, que é un rexo temperamento filosófico, podía esparexer o seu verbo. Soltia d'aquela voar do poleiro do comunismo onde Berlin apousara, pr'a polas ben más erguetas do pensamento. E eu recreábam-me na crarezza lumiosa do seu pensar, na repousada abelencia lógica no tino e no acerto extraordinario das suas sentenzas, na sua dialéctica de cote un pouco quente e vibradora de sentimento, e ata gorentaba a sua voz, que semellaba ter ás veces com'un estrangulamento cordial no meio do seu cheo resoar de campana.

Cand'o Armesto, na sua rígida ortodoxia marxista, exposta n-un estilo anguloso co-as imaxes detonantes da nosa literatura -qu'a caia más co seu sorriso de bon rapaz bromista que co-a sua voz de decrebada quería barrer todo sentimentalismo, toda filantropia, toda febleza justiceira ou ética, o Tobio argumentaba que se non fora por un sentimento de justiza e de fraternidade humán, ninguén podería ser comunista. Antre nós, o Tobio, qu'era o máis novo, era o elemento ecléctico e moderador, o espírito da comprensión e da síntese.

A luz acesa, ollábase na parede onde caia a cabiceira da cama do Tobio, un gran retrato pendurado. Era unha d'esas ampliacións fotográficas que na nosa Terra se poñen nas casas cando morre un da familia. Parellamente, era aquil o retrato d'unha filla do matrimonio Dzialiner, morta moi nova. Unha rapaza de 15 ou 16 anos, d'unha beleza soave e d'un ollar tristeiro e impresionante. Din qu'as irmás, que viven, son moi fermosas, e Fran Dzialiner asegura qu'esta era a más fermosa de todas.

Aconselleille ao Tobio que se namorara d'aquela morta. O Tobio láyase, coma min, da desaparición da Alemaña romántica; más non conseguin que se namorara d'aquil retrato. A mocedade d'agora já non entende d'iso; a nosa foi a derradeira geración capás d'un sentimento d'ise xeito.

Mais logo, o Tobio descende da cadeira fi-

losófica e jurideca e vai pr'a cocifa, e namentras o Canedo cobre a mesa e pon n-ela queixo, pan centeo e un queipo de froita, volve c'unha bandeja de laca na que trai café con leite e más unha tortilla de man de mestre preparada co-as suas mans profesorais. O Tobio ven satisfeito de ter deixado un istante a Kelsen por Picadillo.

E veleiqui a cea: cómes'a tortilla, córtase o pan, untase de manteiga, aplicaselle unha cortada de queixo ou de jamón, cómese, bóbese café, e rillase logo unha mazá. De remate, alcéndese un Abdulla. E volven presidir a mesa Husserl, ou Heidegger.

As ceas galegas de Berlin... Despois, ja tarde, ainda me veñen acompañando deica a Kurfürstendamm. Vimos andando: Gieselerstrasse, en cuia esquina hai unha cervecería ond'unha noite de tronos m'acollin, e onde ouvir os ensaios d'un coro qu'ali s'ajunta, e agardei bibirrichando cerveja que pasaran as horas; Hohenzollern Damm, ond'hai unha estación baixo terra do *Untergrundbahnhof*, que s'escoita tronar por abaixo cando pasa, semellando que se vai afundir o piso debaixo dos pés; Fehrbelliner Platz, sorte de deserto d'asfalto onde se perde a vista, c'un oasis d'herba arrodeada de froles no medio; Preussen Park, jardín c'un redondel d'herba no medio, onde se pode entrar tres días á semán, e unha cuncha onde tocan a müseca os domingos; Brandenburgischestrasse, toda escura a aquela hora, ata que se vé ao longe, na Kurfürstendamm, o anuncio lumioso do *Stockwerk Schokolade*, por frente ao qual, diante d'unha tabacaría, despedimonos deica ao outro día.

LUDWIGSKIRCHE

Chegou o domingo, e había qu'ir á misa. O Armesto quedara en me vir precurar á miña casa. Il demora eiquí preto, en Sybelstrasse, que cruza co-a miña rúa.

Erguianme, funme bañar, puxen roupa nova, e atopei o almorzo frío: n-uba bandeja laqueada, cuberta con papel de seda, unha cunquía das de café co-a sua cullería, unha cafeteira de louza branca con riscos bermellos, con café —ou d'isto qu'os alemás chaman café— pra duas cuncas, compañeiro

da cafeteira, c'unha tenalla, e un platiño c'un *Brötchen* (panciño de tres pulgadas de diámetro) partido en dous e untado de manteiga.

Tomei café, e agardei ao Armesto moito tempo, Agardei, e chegou ás once horas e meia. Levoume á Ludwigskirche, qu'asegún di, é a úneca eireja católica de tod'esta barriada.

Cadra já en Wilmesdorf, e pra ir, compre atravesal-a Kurfürstendamm e collar logo por Olivaer Platz e Pariserstrasse. É unha eireja nova d'un ojival que farian os irmans Garrido de Parderrubias; se coma son carpinteiros e escultores, foran canteiros e arquiteutos, posta no meio d'un lindo jardincito.

Entramos por un lado, e a eireja, com'era a misa derradeira, estaba que non collía unha agulla. Gente de pé, apretuxada. Eu non vía en qu'estaban. Tocaba o órgao, e a gente cantaba de cando en cando, sen dúbida influenza dos cultos protestantes. Despois souo a campaña, e non soupen a qué. Volveron tocar, botaron a beinzón, e algunha gente saiu, outra ficou a corear en alto as avemarias.

Surtimos. No cancel, moito anuncio, e venda das follas parroquiás. Anúnciase unha Oficina d'información pra católicos estrangeiros. Vexo qu'a isto teño que vir soilo e cedo, pra aproveital-as primeiras missas.

Despoixas viñemos jantar a un *restaurant* Fucher, da Kurfürstendamm, e logo arredámonos. Eu viñen á casa, e demorei n-ela, eu soilo, no meio do silenzo, deixa as oito. Sentado na butaca, escribindo no costureiro de Fran Tornegg, botei toda a tarde. Tarde tristeira e cómoda e boa, de domingo, con sol na rúa e soedade e traballo.

Eu teño matinado moitas veces na vida d'un solitario estudos, perdido n-unha d'estas inmensas cidades. Somentes qu'eu maginoo más ben n-unha mansarda, mais imitante á qu'ocupei no Hotel de l'Intendance, en París, qu'a iste rente-á-rúa de Fran Tornegg. Teño esta imaginación, dende qu'un dia d'arroyada en Madri, cos pés mollados, un amigo meu, Urbano Feixón de Sotomayor, me levou á sua pousada —tamén más imitante a iste rente-á-rúa berlines qu'a

parisién masarda — pra leermos unhas historias pantásticas d'Erckmann-Chatrian. Impresión que se non esquece. Estou arrestora relativamente preto d'esa miña pantesia, cécais d'abondo. É a semi-realidade d'un soño. Lembremos a viage a Londres de des Esseintes — quen se lembra arrestora de des Esseintes, n-iste tempo de literatura proletaria... ideolóxica, literaria, e estéticamente proletaria? —, e convén calar!

Ás oito surfin, co-as miñas chaves no peto. Púxenme a rúar. Fun por Mommsenstrasse, logo voltei, collin por Wilmersdorferstr deixa Kantstr. Andiven por alf e volvín; metinme por Gervinusstr e logo por Dahlmannstr; sain á Kurfürstendamm, sempre demoradamente e ollando as cristaleiras das tendas. Seica dicía Azorín, alá nos seus tempos bós, que cando chegaba a unha cibdade, pra confecla, o primeiro que facia era ir aos escaparates dos retratistas pra ver que señores había ali retratados. D'iste xeito sabía coma eran os habitadores da cibdade. Mal procedemento, porque, ao millor, moitos d'aquiles podían ser forasteiros. En troques, a psicología dos pobos pódese ver moi ben nas cristaleiras das tendas. Eu deprendín moi-to nas cristaleiras das tendas de Berlin; deprendín cousas qu'eiquí han ir referidas, e deprendín outras que pertencen ao Gran Brahman d'Ortega Gasset, mais que poñen en craro moitos probremas históricos e sociás da hora presente —anque as cousas teñen a sua importancia, sen precisión de seren históricas nen sociás.

Já na Kurfürstendamm, déronme as nove e meia da noite —relativa noite— e determinéi cear. Com'era domingo, todo estaba pechado, se non eran *restaurants* e cafés. Pasei diante d'un café que se chama Kurfürstendamm, onde s'anuncia boa música, por más que seña música de variétés. Entrei tomar un chiculate de 90 pfennig. Sentado n-unha boa butaca, a unha mesa con mantel —n-Alemaña, as mesas dos *restaurants* non solen ter mantel, e as dos cafés, si— servironme un chiculate ben raro n-unha jerra qu'enchía duas cuncas das de café, c'un platiño d'unha porcallada que chatán crema (*Sahne*) e que ben pode ser escuma d'enjabón, bebino, ouvin tres pezas de mûse-

ca, namentres ollaba os palcos e a pouca gente qu'ali había, fumei un par de pitos, e rematou o primeiro domingo alemán.

Vagárosamente fun chegando á casa, polas anchas louxas das aceras de Waitzstr, abrin a pesada porta de cristais, puxei no botón da luz, e ingresei «bei Tornegg» pra me deltar.

Dend'aquil dia, tres meses, un apôs do outro, iría os domingos á mañá á Ludwigs-kirche, quitando un soilo, que fun aos jesuitas da Neue Kantstrasse; mais o resto do domingo, quitando tamén ese dia, había ser ben difrente d'iste primeiro.

PREUSSISCHE STAATSBIBLIOTHEK

O lúx á mañá veume precurar o Canedo, e levoume, en autobús á biblioteca de Prusia.

Dend'entón, vou todolos días. Collo o Stadtbahn na estación de Charlottenburg e báixome na Friedrichstrasse. Mecánicamente, lembro as estaciós que hai que passar: Savigny Platz, Zoologischengarten Bahnhof, Tiergarten, Bellevue, Lehrterbahnhof... Logo collo por Georgenstr, torzo Louis Ferdinand Str.

Ali atopo os carretós onde venden libros vellos. Carretós de man, já dispuestos pra elo. Libros ben baratos, anque non de moito intrés, moita literatura, moita tradución, moito folleto, libros vellos empastados, revistas vellas, albums d'arte. De cote perde un meia hora refollando.

Despóis, na Unter den Linden, está a fachada suntuosamente neoclásica do que din que é o maior edifizo pra biblioteca no mundo inteiro. Pásase á un gran portal todo en pedra de grá, que se pecha con reixas. Á dereita está a entrada da Academia prusiana. Logó ven un pátio que ten no medio unha fonte con chafaris, e cadros d'herba aos lados. Despóis hai dobles portas de ferro e cristal que compre forza pra arremuxar, e já está un dentro.

De frente unha enorme escaleira de pedra. Na parede da dereita, a primeira porta é a do gardarroupa. É lei deixar ali chapeu, abrigo, paraguas e caxato. Polo gardarroupa, entrase ao *restaurant*. Iste *restaurant* é pra os empregados da biblioteca, que son

320; mais, despóis da unha, danse tamén comidas ao público. Ali non sirven polas mesas: os clientes van precurar os seus servizos e as suas raciós ao mostrador. Cheira a cociña económica a comedor de caridade, ademais co-aquelhas longas mesas e aquiles prebes que revolven o estómago.

Atrás, debaixo da escaleira, están os departamentos onde se van buscar os libros qu'a biblioteca empresta pra ler na casa —pois é unha biblioteca *circulante*, coma din os pedagogos— e onde se van entregar os que se devolven. Hai ali o demo d'empregados atrás das ventanillas, que non pasan por movimento mal feito.

No outo da escaleira, hai dous pasos, polos que non colle más qu'unha soila persoas, e pra iso por unha d'esas cancelas giradoiras de ferro que fan *tac-tac* ao movelas; un paso é pra entrar, outro pra surtir. En cada un, hai unha gurita de cristal, c'un empregado dentro. Ao entrar, hai qu'amostral-a tarjeta de abono ao empregado. Ao sair, hai qu'abrir a *Mappe* —cartífol de coiro que levan na man todolos alemás, e o empregado olla dentro, e ainda mete os dedos, por s'un quer fuxir c'un libro.

E despóis de pasar, está un já n-unha sorte de *hall*, con bancos de pedra e piso de mosaico, no que, arredor d'unha dupla águia imperial, unha inscripción latina perpetua a adicatoria do Kaiser a Apolo e más ás Musas. Por frente, está a sala Apolo, e aos dous lados da entrada, duas fontes con grifos, nas qu'os leitores beben por vasos de papel ou de celuloide, despoixas de comeren os seus *sandwichs*.

Hai unha vella, moi vella, moi vella, tipo de sufragista anticuada, seca com'unha sardinha, momificada com'un bacalau eu non sei que cencias estranas, co cabelo branco penteadoo pra riba e rematando n'un periquito arcaico, vestida c'un vestido pasado de moda hai moitos anos, negro, con pechero d'elcaix, que pasa o dia inteiro na biblioteca, e non sai nen pra comer, senón que come ali, a carón da fonte, o que saca da sua *mappe*. Non atopei quen me dera razón de que fose esta muller prehistórica, que m'encheu de curiosidade. Qué sería ela? Ao millor, unha vulgar teósofa, ou unha vulgar comunis-

ta; ao millor, unha escritora de soado nome; unha sabia ou unha tola. Aos seus anos, que deben ser incontábeis, con qué fé e con qué voracidade rilla nos libros da sala Apolo!

A sala Apolo é redonda, con outros ventanais baixo da vouta e con mesas dispostas en circos que se van estreitando. Baixe das arcadas laterais, hai almarios abertos, cheos de libros, rigurosamente clasificados. Os leitores chegan, e sen pediren nada, van aos alzadeiros, e collen os libros qu'apetecen, e sétanse coiles a lér. Cando se queran ir, fan o mesmo: deixan o libro no seu lugar, e marchan. A Sala Apolo está de cote chea de leitores, os quales saen ao *hall*, pasean, falan, comen ou sétanse nos bancos de pedra. O que se non pode, é fumar.

No *hall*, a man dereita, está, cara a entrada, a sala de revistas, que é longa, e ten, en alzadeiros, postas a vista, e perfeitamente clasificadas, as revistas que hai. O procedemento é o mesmo que na sala Apolo.

Sempre na mesma man, está a sala de Oriente, onde hai cousas d'orientalismo, de servizo libre, com'as anteriores. Enriba hai ainda as salas de Geografía e de Música.

Por frente à Sala d'Oriente, está o Catálogo geral, que tamén pode un consultar libremente, e qu'está en grandes volumes encadernados en negro, e ocupa duas salas seguidas, o alfabetico d'autores, e outras duas, o de materias. Correspondendo á sala de revistas, están na parte oposta da entrada, os retretes. Non sei se saberendes que en cuestión de retretes, Alemaña non reconoce rival...

Esta formidábele biblioteca ten 2.000.000 de volumes impresos, 6.000 incunábeles, 56

mil manuscritos, 400.000 autógrafos, 300.000 mapas, 300.000 volumes de música e 2.500 discos fonográficos. O presupuesto anual é de 2.000.000 de marcos.

A tarjeta de leitor, por seis meses, custa 6 marcos. Pagando unha cantidade pra garantía, hai dereito a sacar libros emprestados. Pra elo, compre encher unha ficha que se bota n'unha caixa que hai na sala do Catálogo. Igualmente, por iste medio, pódese pedir pra a sala de leitura un libro dos que non estean n'ela. Ademais, a biblioteca está en correspondenza con todal-as do Reich; de sorte qu'allí pode un pedir pra lér calquera libro que s'atope en calquera biblioteca d'Alemaña.

A Preussische Staatsbibliothek é realmente unha causa seria. É unha das fundacions do Kurfürst, o Gran Eleitor, cuia lembranza conservase devotamente en Berlín.

(Continuaráse)

Imprenta NÓS. Hortas, 20. Santiago

MERQUE VOSTEDE Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndense en todol-os establecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o dia de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO

1pta
PASTILLA



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagós-camas de
todol-os trés.

Estas augas, de sona universal son
o remedio enxebre e eficacísimo
cand'un quer combater o Artritismo,
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
diversas, doenzas do Aparello dixes-
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquisma auga de mesa
— gaseada naturalmente —

Mondaríz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo